Informativos

Telexornal Serán

O rendemento das granxas de caracois

Publicado o 16/06/2014 20:51

A cría de caracois é unha actividade pouco usual en Galicia. Trátase dunha actividade que require pouco investimento nun principio pero que precisa desenvolverse a longo prazo para resultar rendible. É un produto con escasa demanda en Galicia, que resulta moi apreciado noutras zonas de España e tamén no extranxeiro.

A de Carlos é unha das poucas granxas de cría de caracois que funcionan en Galicia. En España hai unhas 150. Na súa explotación do concello ourensán de Esgos produce cada ano uns mil quilos destes animais.

Lembra, iso si, que hai gastos fixos, como a calefacción para a zona de reprodución ou os pensos. Ademais o primeiro ano hai que agardar arredor de oito meses a que os caracois medren o suficiente para sacalos á venda.

O seu prezo de venda oscila entre os 4 e os 12 euros o quilo, dependendo da época do ano. O dos alevíns pode chegar aos 500. Véndese principalmente a Cataluña, o País Vasco e Andalucía.
España importa cada ano de países como Marrocos ou Chile unhas 16.000 toneladas de caracois.

Ver despois

Compartir Tweet 0 g+1 0

Telexornal Serán do 16/06/2014

Denuncian a contaminación do río Arzoá, en Vilardevós
16/06/2014 20:46:39

Comisaron en Sanxenxo 460 quilos de ameixa xaponesa sen tamaño nin documentación regulamentaria
16/06/2014 20:47:49

A Xunta obrigará a limpar os terreos para evitar incendios forestais
16/06/2014 20:48:22

A maior concentración de árbores centenarias nun terreo, en Castroverde
16/06/2014 20:49:20

O rendemento das granxas de caracois
16/06/2014 20:51:18

Primeira carreira infantil na Festa do Boi
16/06/2014 20:52:56